

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

ANUNCIO do inicio do prazo de presentación de solicitudes para os procesos selectivos da oferta de emprego público dos anos 2017, 2018 e 2019.

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra do 7 de xullo de 2020 publicáronse as bases xerais dos procesos selectivos derivados da execución da oferta de emprego público correspondente aos anos 2017, 2018 e 2019, e as específicas das prazas do Servizo de Extinción de Incendios (bombeiro, condutor-bombeiro e sarxento) e, as prazas do corpo da policía local (inspector e policía) incluídas nesta primeira fase da convocatoria.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais contados a partir do seguinte a aquel en que apareza o anuncio de la convocatoria no *Boletín Oficial del Estado* para persoal funcionario, sexa pola quenda libre ou por promoción interna, e laboral pola quenda libre, e anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial* da provincia, para persoal laboral pola quenda de promoción interna.

Os sucesivos anuncios referentes a estas convocatorias unicamente se publicarán no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios da corporación, xuntamente coa páxina web municipal, www.vigo.org

Vigo, 13 de xullo de 2020

(Delegación competencial polos decretos do 18.6.2019, 26.6.2019 e 2.9.2019 e acordos da Xunta de Goberno Local do 20.6.2019, 4.7.2019 e 5.9.2019)

Elena Espinosa Mangana

Tenente de alcalde e concelleira delegada da Área de Empresa,
Economía, Seguridade e Organización Municipal

